

XIDE = OPORTUNIDADE PERDIDA

As/os enfermeiras/os non son o filtro da consulta médica

O **XIDE**, un novo programa informático creado para orientar a demanda asistencial cara ao profesional **que ten que dar unha solución finalista**, acaba converténdose nunha nova carga de traballo, que o único que xera é que o paciente sexa derivado a un profesional que non lle pode resolver o problema, retrasando a solución á súa demanda.

CIG-SAÚDE xa denunciou isto no último Consello técnico de Atención Primaria celebrado o 16 de febreiro de 2022.

A implantación do programa **XIDE no colectivo enfermeiro realízase sen a participación deste colectivo**, sen un desenvolvemento axeitado da carteira de servizos e sen incorporar o persoal necesario para desenvolver o seu mapa de competencias.

E o máis grave, sen ter implantados os protocolos necesarios para o desenvolvemento destas actividades. Estes protocolos deberían ir acompañados do correspondente programa formativo.

O resultado disto é que, a enfermeira/o **non desenvolve as súas competencias profesionais**, senón que, o que realiza é **a triaxe da demanda médica**. É dicir, a enfermeira exerce de filtro, que o único que provoca é que as persoas retrasen a súa consulta médica.

Con estes comportamentos o SERGAS o que está a provocar é un **enfrentamento entre colectivos**; unha mala utilización das competencias das enfermeiras; outorgándolle actividade que non poden resolver en detrimento do seu traballo. Como consecuencia disto, unha asistencia sanitaria desvalorizada.

Desde **CIG-SAÚDE** esiximos que o SERGAS **poña en valor** o traballo das enfermeiras en primaria, **que potencie o mapa de competencias** para que isto se traduza nunha mellora na asistencia. E que deixe de asignarlle un papel secundario ás enfermeiras.

Por todo isto CIG-SAÚDE esixe ao SERGAS que DETEÑA A IMPLANTACIÓN DO XIDE EN TANTO NON SE GARANTA:

- unha dotación axeitada de RRHH
- a confidencialidade e intimidade das pacientes
- o desenvolvemento dos procesos finalistas e protocolos de enfermería.

Implantar o XIDE sen ter resolto o anterior só provoca unha maior frustración profesional.

